

## [Gal/Cast] Corunha: Promovem caixa de resistência solidária com o pessoal da limpeza em greve

CIG :: 28/04/2014

Comité de Empresa de Gaia acaba de iniciar una recaudación económica entre trabajadoras y trabajadores mientras dure la convocatoria de huelga indefinida

## Galego

O Comité de empresa de Gaia vén de iniciar unha recadación de achegas económicas entre os traballadoras e traballadoras das instalacións deportivas de Elviña, Agra e Sardiñeira, co obxectivo de organizar unha caixa de resistencia en apoio ao persoal dos servizos de limpeza, que durante a asemblea celebrada onte acordaron continuar adiante coa convocatoria de folga indefinida.

Dende o Comité, explica o seu Presidente, Rubén Duruelo, decidiuse levar a cabo esta recollida para paliar na medida do posíbel as consecuencias económicas que supón para as traballadoras e os traballadores de limpeza manter a folga de xeito indefinido. Até o momento, a recadación só se está a facer entre o propio persoal dos complexos, mais non se descarta ampliar a mesma aos/as usuarios/as e o conxunto da cidadanía a través de bonos axuda solidarios.

O próximo luns, 28 de abril, ás 12:00 horas, está convocada unha concentración diante dos edificios da Xunta en Monelos para demandar da administración e da interventora designada unha implicación real e que se tomen medidas firmes contra as arbitrarias decisións da Gaia, pois as consecuencias da folga son máis que visíbeis e non deixan de medrar as queixas dos usuarios e usuarias polas condicións de falta de hixiene das instalacións.

Pola súa banda, Gaia mantén unha actitude totalmente antidialogante e teima en impor a modificación substancial das condicións de traballo do persoal de limpeza, a pesares de saber que lle van rescindir a concesión dos centros deportivos, tal e como se asegurou ao Comité dende a Secretaría Xeral para o Deporte.

Sobre esta cuestión, a representación social pide á Fundación Deporte Galego que axilice o máximo posíbel a conclusión dos pregos do concurso e os prazos para a adxudicación á nova empresa, xa que só así se dará unha solución definitiva ao persoal en folga e evitarase que "Gaia siga facendo o que lle peta".

## Castellano

El Comité de empresa de Gaia acaba de iniciar una recaudación de donaciones económicas entre las trabajadoras y trabajadores de las instalaciones deportivas de Elviña, Agra y Sardiñeira, con el objetivo de organizar una caja de resistencia en apoyo al personal de servicios de limpieza, que durante la asamblea celebrada ayer acordaron continuar adelante

con la convocatoria de huelga indefinida.

Desde el Comité, explica su Presidente, Rubén Duruelo, se decidió llevar a cacbo esta recogida para paliar en la medida de lo posible las consecuencias económicas que supone apra las trabajadoras y trabajadores de limpieza mantener la huelga de manera indefinida. Hasta el momento, la recaudación sólo se está realizando entre el propio personal de los complejos, pero no se descarta ampliar la misma a los y las usuarias y el conjunto de la ciudadanía a través de bonos ayuda solidarios.

El próximo lunes, 28 de abril, a las 12:00 horas, está convocada una concentración delante de los edificios de la Xunta en Monelos para demandar de la administración y de la interventora designada una implicación rreal y que se tomen medidas firmes contra las arbitrarias decisiones de Gaia, pues las consecuencias de la huelga son más que visibles y no dejan de aumentar las quejas de los usuarios por las condiciones de falta de higiene de las instalaciones.

Por otro lado, Gaia mantiene una actitud totalmente antidialogante y se empeña en imponer la modificación sustancial de las condiciones de trabajo del personal de limpieza, a pesar de saber que le van a rescindir la concesión de los centros deportivos, tal y como aseguró al Comité desde la Secretaría General para el Deporte.

Sobre esta cuestión, la representación social pide a la Fundación Deporte Galego que agilice al máximo posible la conclusión de los requisitos del concurso y los plazos para la adjudicación a la nueva empresa, ya que sólo así se dará una solución definitiva al personal en huelga y se evitaría que "Gaia sigua haciendo lo que quiera".

https://galiza.lahaine.org/gal-cast-corunha-promovem-caixa-de-resis